

**Chus Pato**

**O ritmo do ollo\***

vestidos e calzados pasaremos o verao no cofre da Historia

se isto é así, que os cedros as follas o vento se alzan desde o fondo para inventarse, o visíbel funcionaría con lóxica pictórica / ao contacto cos sentidos, nós responderíamos erguéndonos desde ese mesmo chao (féretro abismo) como resucitados

o idioma  
ese  
que se desangra na boca

un pobo sofre sobre si todo o peso da devastación  
camiña baixo a luz da súa eclipse  
ceibe  
e non é refén do espírito  
non é refén da morte  
exponse  
e é inmortal  
coma un futuro  
veloz  
incerto

os ríos vencen a gravidade  
abandonan a Terra

as fronteiras porque xa foron desbordadas

esta última  
de dentes

---

\* Os poemas aquí recollidos pertencen ao libro *Carne de Leviatán* (Galaxia, 2013).

## Mogador

Viña das illas  
 cara un bosque de araucarias  
 cara os muros dunha cidade  
 ía cara o que non se pode vivir  
 O ceo era sólido coma un imán  
 un laude e un nome  
 os paxaros caían cara o océano  
 e as mareas salpicaban as defensas e os canóns do porto  
 Estaba fronte ao abandono  
 fronte a unha destrución severa  
 (a vexetación antropomorfa apertaba as tumbas)  
 espíame sobre a pel dunha ovella  
 Viña das illas  
 e os alíseos alentaban a miña navegación  
 ía cara o que non se pode vivir  
 cara min mesma  
 cara a vida

## Terras de promesa

*Para Ana Gorria*

Ao dicir idea digo imaxe figuración figura  
 esta cadeira con po de séculos  
 a araña tecendo o espazo  
  
 os actores representan o que che é máis achegado  
 apenas podes entender a súa lingua de ruínas e marabilla  
  
 o abono para o palco é a propia vida  
 ninguén pode ocupar o seu lugar aí  
  
 Ao dicir idea digo fantasma fantasía  
 digo fondo  
 ese que non coñece límites  
 nin idioma nin tempo  
 pero si o teus ollos  
  
 e a forma do palco  
 é unha goleta  
 desde aí  
 desde os teus ollos  
 arrebólase

## Advento

Esa árbore non se reflicte  
coma tantas outras,  
ante elas a linguaxe non existe

cando volvo a vela  
a árbore  
é xa un espectro da mente  
o aire que a envolve trema

as palabras din  
que os paxaros foron afastados polo tráfico  
que debemos contemplar a natureza  
como os poetas contemplan o ceo e os océanos  
carentes de finalidade  
quere dicir  
en ausencia de linguaxe

tira ti as conclusións, como queiras

a linguaxe é teleolóxica  
con todo  
as palabras dalgunhas persoas son ceibes  
son ceibes as palabras  
daquelas que contemplan a natureza  
calquera pode contemplar a natureza

mudos  
como poetas

(o mar é un inmenso depósito de peixes)